

Borrador suxeito a
cambios

**Proposta de cuestións a incluír no
LIBRO BRANCO
SOBRE A REFORMA DA REGULACIÓN
DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
(MVMC)
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**Incorpora as achegas recibidas no proceso de participación
pública de abril do 2022 e na consulta aos membros do
consello forestal**

Febreiro 2023

Borrador suxeito a
cambios

Índice

- 1 O porqué dun libro branco
- 2 Aproximación á realidade actual dos MVMC
- 3 O contexto competencial e legal dos MVMC
 - 3.1 Antecedentes lexislativos e normativa básica do Estado
 - 3.2 O marco estatutario e a regulación autonómica
- 4 Revisión dalgúns aspectos relevantes da regulación de MVMC en Galicia no intre da súa reforma
 - 4.1 Conceptuación do MVMC
 - 4.2 A condición de persoa comuneira
 - 4.3 Realización de actos de disposición
 - 4.3.1 Reflexión preliminar
 - 4.3.2 Toma de acordos de disposición
 - 4.3.3 Cesión e arrendamento
 - 4.3.4 Dereito de superficie
 - 4.3.5 Expropiación forzosa
 - 4.3.6 Ocupacións e servidumes
 - 4.3.7 Permuta
 - 4.3.8 Reestruturación parcelaria
 - 4.4 Adquisición de terreos por parte das comunidades de MVMC
 - 4.5 Aproveitamento individual por parte dos veciños comuneiros
 - 4.6 Fins aos que deben dedicarse os rendementos dos aproveitamentos
 - 4.7 A Gobernanza dos MVMC
 - 4.7.1 Órganos das comunidades de MVMC
 - 4.7.2 Estatutos
 - 4.7.3 Xestión documental
 - 4.7.4. Delegación de voto das persoas comuneiras
 - 4.7.5 Mancomunidades e agrupacións de xestión conxunta
 - 4.8 Instrumentos de ordenación e xestión dos MVMC
 - 4.9 Convenios de explotación
 - 4.10 Deslinde
 - 4.11 Miscelánea
 - 4.11.1 Pervivencia dos Xurados provinciais de MVMC
 - 4.11.2 Rexistro de MVMC
 - 4.11.3 Usos cinxéticos en MVMC
 - 4.11.4 Abandono ou grave degradación dos MVMC e extinción

4.11.5 Réxime sancionador

4.11.5.1. Residuos abandonados no monte

4.11.6 Función social montes periurbanos, usos sociorecreativos e deportivos

4.11.7 Personalidade xurídica ou capacidade xurídica das comunidades e Mancomunidades

4.11.8 Aproveitamentos e usos do MVMC

4.11.9 Divulgación e formación destinada a la sociedad y a las comunidades

4.11.10 Reunificación e simplificación de referencias catastrais, e mellora cartográfica. Adaptación da representación gráfica ás novas tecnoloxías

4.11.11 Fiscalidade

4.11.13 Compensación de servizos ecosistémicos

4.11.14. Outros temas das achegas: perspectiva de xénero/ reorganización da propiedade/ maior representatividade dos titulares dos MVMC nos órganos de participación públicas

1 O porqué dun libro branco

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) constitúen unha figura estratéxica á hora de implementar políticas públicas activas de posta en valor dos recursos naturais do monte galego.

Na normativa que actualmente os regula aprécianse fortalezas; nomeadamente, a propia plasmación a nivel lexislativo dunha figura outrora regulada por normas consuetudinarias que lograron pervivir no tempo e consolidar unha institución xurídica con caracteres singulares na comunidade autónoma de Galicia.

Pero tamén se advirten debilidades; a título de exemplo, os desaxustes que poden vir dados pola diversidade de fontes normativas do réxime xurídico aplicable que integra normas procedentes do Dereito civil propio de Galicia, da regulación xeral, tanto estatal como autonómica, de montes, alén da específica de MVMC. Pluralidade de normas que han de interpretarse en cada caso e, en ocasións, complementar cos importantes pronunciamentos xudiciais recaídos en asuntos que traen causa de controversias xurdidas no ámbito do MVMC.

Por outra banda, a evolución da realidade social -moi diferente á existente no ano 1989 cando se aprobou a vixente Lei de MVMC- tensiona a estrutura normativa vixente esixindo unha actualización do contido regulatorio da institución.

Tamén procede, ao mesmo tempo, interiorizar novos enfoques –como o relacionado coa gobernanza das comunidades de montes- ou resaltar variables xa presentes pero que deben salientarse como o da dimensión ambiental (orientando a unha explotación sustentable dos recursos forestais) e a loita contra o cambio climático, así como contribuír á prevención de incendios forestais, ou o dar maior forza á transcendencia da función social da propiedade para delimitar o alcance da condición privada dos MVMC. Precisamente, neste último punto, debe lembrarse a consolidada xurisprudencia constitucional conforme a cal a asignación dunha función social á propiedade privada en función da regulación duns concretos intereses xerais pode impoñer unha delimitación específica do seu contido por parte do lexislador que ten atribuída a tutela de tales intereses.

Xorde, igualmente, a necesidade de dotarse de novos instrumentos normativos a fin de regular e potenciar a actuación na contorna rural e procurar reverter, ou, polo menos, atallar, o proceso actual de abandono do medio rural e favorecer unha transición xeracional nas comunidades de montes.

Existen, pois, razóns xustificadas que forzan a un cambio normativo.

E, neste contexto de iniciación dunha reforma normativa e ante o desafío que iso implica, é procedente abrir un debate público sobre as problemáticas dos MVMC e tentar xerar un consenso sobre os contidos da reforma; e iso, sempre co propósito de xerar unha nova ordenación que, con certeza xurídica, contribúa á promoción obxectiva dos MVMC.

A transcendencia social, económica, territorial, ambiental e mesmo cultural dos MVMC é ben coñecida. O exporse unha reforma do réxime xurídico dos MVMC implica tanto repensar en xeral os caracteres esenciais como introducir en particular modificacións concretas que permitan actualizar a normativa aplicable aos MVMC.

E no momento de afrontar un proceso de reforma da súa regulación faise imprescindible abrir un período de reflexión e establecer unhas canles de participación pública que contribúan a solicitar achegas e opinións que redunden no acerto da reforma normativa.

Por todo iso, a proposta do Libro Branco que se presenta pretende reflectir o contido das achegas recibidas durante o proceso de participación pública iniciado con data 07/04/2022 para que todos os interesados puidesen emitir as súas opinións, valoracións e achegas que estimasen oportunas, con carácter previo á elaboración do anteproxecto de lei, así como as recibidas na consulta aos membros do consello forestal, conforme ao tratado na reunión do 18/01/2022, e concíbese como un documento de traballo estratéxico pero, ao mesmo tempo, instrumental. Configúrase como o punto de partida para abrir unha fase de reflexión conxunta sobre a reforma lexislativa dos MVMC. É, ante todo, un documento de traballo que, a modo de *meeting point*, sirva para aliñar esforzos das Administracións Públicas cos doutros actores involucrados que comparten os mesmos obxectivos de posta en valor dos MVMC; e é, tamén, un documento estratéxico pois debe permitir avanzar e establecer unha folla de ruta que guíe a redacción dunha nova lei autonómica sobre os MVMC.

O fin último é lograr a adaptación da regulación dos MVMC ao que esixe a realidade actual e garantir a súa pervivencia futura.

2 Aproximación á realidade actual dos MVMC

En Galicia hai 3.371 montes veciñais en man común que ocupan unha superficie de total de 661.832,34 ha hectáreas, a cuarta parte do territorio galego e case a metade da súa superficie forestal arborizada, o que fai unha media de 196,33 ha hectáreas por monte veciñal.

A distribución territorial dos MVMC resulta dispar entre provincias. Así, a maioría de comunidades de MVMC sitúanse na provincia de Ourense (38,17%) e Lugo (30,61%) e o resto sitúase en Pontevedra (21,89%) e A Coruña (9,32%).

		Ano 2022
veciñais en man común (MVMC)		
Nº de montes		3.371
Superficie		661.832,34 ha
Superficie media		196,33 ha
Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)		
Nº de CMVMC		3.029
% de CMVC que cumpren obrigas		47,61 %
Nº de comuneiros		117.801
Nº medio de comuneiros		38,89
Mancomunidades de montes veciñais en man común		
Nº de mancomunidades		36

Fonte: observatorio forestal de Galicia, datos 2022

O total de comuneiros ascendeu a 117.801 (2022) no conxunto de Galicia. E a media de comuneiros por comunidade de montes foi de 39 (2022). Apréciase unha distribución irregular entre territorios, desde os 78 de media en Pontevedra aos 23 en Lugo. As maiores porcentaxes de comuneiros pertencen aos distritos Caldas-O Salnés e Vigo-Baixo Miño, co 18,87% e 15,64% do total de Galicia.

Distrito	n.º MVMC	n.º de CMVMC	n.º comuneiros	Media do n.º comuneiros
I-Ferrol	15	14	1,053	75.21
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	23	22	1,422	64.64

Borrador suxeito a
cambios

III-Santiago - Meseta Interior	15	16	572	35.75
IV-Barbanza	167	152	8,061	53.03
V-Fisterra	77	76	3,248	42.74
VI-A Mariña Lucense	56	55	3,020	54.91
VII-Fonsagrada - Os Ancares	275	276	1,721	6.24
VIII-Terra de Lemos	208	204	4,354	21.34
IX-Lugo - Sarria	288	288	6,516	22.63
X-Terra Cha	96	96	4,644	48.38
XI-O Ribeiro - Arenteiro	276	249	6,908	27.74
XII-Miño - Arnoia	338	291	8,066	27.72
XIII-Valdeorras - Trives	209	199	3,635	18.27
XIV-Verín - Viana	219	202	6,777	33.55
XV-A limia	255	219	6,141	28.04
XVI-Deza - Tabeirós	135	126	2,566	20.37
XVII-O Condado - A Paradanta	147	118	7,908	67.02
XVIII-Vigo - Baixo Miño	203	138	18,852	136.61
XIX-Caldas - O Salnés	369	288	22,337	77.56
TOTAL	3.371	3,029	117,801	45.36
provincia				
Coruña, A	297	280	14,356	54.27
Lugo	923	919	20,255	30.7
Ourense	1.297	1,160	31,527	27.06
Pontevedra	854	670	51,663	75.39
TOTAL	3.371	3,029	117,801	45.36

Fonte: observatorio forestal de Galicia, datos 2022

Segundo o Observatorio Forestal de Galicia no 2022, das 3.029 comunidades de MVMC que existen en Galicia, só o 47,71% cumpren as súas obrigacións administrativas, mentres que o resto non o fai. Os incumprimentos débense principalmente á falta de comunicación en prazo dos reinvestimentos ou por outras causas, como a renovación das xuntas reitoras ou os censos de comuneiros, entre outros.

3 O contexto competencial e legal dos MVMC

3.1 Antecedentes legislativos e normativa básica do Estado

Na derogada Lei de Montes do 8 de xuño de 1957 atópase un inicial recoñecemento normativo dos montes veciñais en man común referidos ao ámbito territorial de Galicia. No seu artigo 4.3 recoñecía a existencia de “*montes pertencentes en man común aos veciños das consuetudinarias demarcacións parroquiais*”, establecéndose que:

“A presente Lei recoñece e regulamentará a existencia nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra de montes pertencentes en man común aos veciños das consuetudinarias demarcacións parroquiais, que serán vinculados aos Concellos respectivos, os cales regularán o gozo dos seus aproveitamentos de xeito que, sen prexuízo dos intereses xerais de cada Municipio, reciban unha xusta participación os veciños con dereito aos mesmos.”

Pola súa banda, o regulamento de desenvolvemento desta Lei -Decreto 485/1962, do 22 de febreiro- recoñecía aos concellos a facultade de regular o gozo dos seus aproveitamentos, dando “*unha xusta participación*” aos veciños (artigo 23).

Posteriormente, na Lei 52/1968, do 27 de xullo, sobre montes veciñais en man común, e o seu regulamento de desenvolvemento –Decreto 569/1970, do 26 de febreiro- desenvólvese o seu tratamento normativo. Tratábase de disposicións que procuraban remediar a ausencia dunha “*regulación precisa*” dos “*montes de distintos núcleos veciñais, non constituídos como Entidades municipais, cuxo aproveitamento corresponde a determinadas persoas ligadas ou non por vínculos administrativos de veciñanza, existentes en varias provincias, principalmente do norte e noroeste de España*”.

Particularmente, un dos obxectivos da Lei foi garantir a protección e aproveitamento destes montes en orde a outorgar unha canle para o exercicio e a defensa dos dereitos dos seus titulares –segundo a propia literalidade da norma “*para impedir os abusos e usurpacións que viñeron cernando a extensión das propiedades forestais deste carácter*”-. Pola súa banda, a redacción do regulamento tamén é ilustrativa respecto á súa finalidade: “*facer posible que a titularidade destes montes, de tan acusada especialidade no seu gozo, quede asegurada en favor dos grupos comunitarios que tradicionalmente os veñen utilizando, evitando, coa súa clasificación como tales, que poidan seguir sendo causa da formulación de situacións de controversia e pasen a cumprir, nun réxime de plena normalidade, a finalidade primordial da súa explotación, racional e adecuada, no dobre aspecto técnico e económico*”.

Con estas normas –que tamén supoñen unha ampliación do ámbito territorial dos montes veciñais en man común tamén denominados “*montes do común dos veciños*” ou “*montes forais*”, sen limalos a Galicia- asíntanse as súas notas características, que poden sintetizarse como segue e que parecen constituír aspectos inmanentes dos MVMC:

- A titularidade e o aproveitamento sen asignación de cotas específicas corresponde aos veciños integrantes en cada momento do grupo comunitario de que se trate.
- A indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade destes bens, sen prexuízo da posibilidade de cedelos temporalmente e de forma excepcional.
- A regulación do seu aproveitamento mediante normas escritas, elaboradas pola propia comunidade e dentro dos requisitos establecidos pola lei.
- A non suxeición a impostos.

Así mesmo, regúlase a titularidade dos montes veciñais en man común, a súa administración e aproveitamento e a distribución de beneficios entre os veciños e prevese a necesidade de que os montes veciñais sexan clasificados como tales por xurados provinciais que coñezan das cuestións que se promovan sobre a clasificación dos montes veciñais en man común, sendo obxecto de regulación tanto o procedemento de clasificación e deslinde como a operativa dos xurados.

Na actualidade, a normativa estatal concéntrase na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e na Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común, que derrogaron o réxime anterior.

A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes refírese aos montes veciñais en man común para dicir que *“esta lei éles aplicable sen prexuízo do establecido na súa lexislación especial”*. Na mesma contense a regulación estatal en materia de montes na que se recoñece, sen embargo, a singularidade dos MVMC ao referirse a lexislación especial que os regula. Remisión que conduce á lei especial vixente actualmente no ámbito estatal como é a Lei 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común.

Dita Lei regula aqueles *“montes de natureza especial que, con independencia da súa orixe, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e veñan aproveitándose consuetudinariamente en man común polos membros daquelas na súa condición de veciños”*, sen prexuízo do que dispoñan os respectivos estatutos de autonomía nesta materia. Os montes veciñais se conceptúan como unha comunidade xermánica de bens con certas modulacións xustificadas polo interese social do monte, constituíndo un réxime xurídico singular e característico. Así mesmo, mantéñense os caracteres básicos dos montes veciñais pola súa indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e non suxeición a impostos.

3.2 O marco estatutario e a regulación autonómica

En virtude do artigo 27.11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, asumíuse a competencia exclusiva en materia de réxime xurídico dos MVMC.

A importancia e a transcendencia que esta materia tiña no proceso estatutario queda reflectida na singularidade que supón o que exista unha referencia individualizada no seu tratamento competencial. E é que este título competencial figura diferenciado tanto do asumido sobre a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito civil galego (art. 27.4 EAG) -que tamén podería avalar unha intervención do legislador galego na regulación da materia- como da competencia exclusiva sobre montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23ª da Constitución (art. 27.10 EAG); e, mesmo, das previsións contidas noutros títulos competenciais non tan específicos pero que tamén poderían habilitar unha intervención legislativa autonómica en aspectos sectoriais da súa regulación (organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais, protección do medio ambiente e da paisaxe, etc.).

Como é ben coñecido, a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de réxime xurídico dos MVMC ten que conxugarse cos límites constitucionais derivados das competencias exclusivas do Estado do art. 149.1 CE; en particular, sobre aspectos colaterais da regulación substantiva da institución, como son, en particular, os aspectos procesuais e de procedemento administrativo, así como os dimanantes do último inciso do artigo 149.1.8 CE, caso da reserva ao Estado como competencia exclusiva da ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

Por último, sinalar que mediante o Real Decreto 1535/1984, do 20 de xuño acordouse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras, das seguintes funcións e servizos do Estado en materia de conservación da natureza: *“A declaración e tutela dos montes protectores e a clasificación e tutela dos Montes Veciñais en man común”*.

Na actualidade, e considerando a lexislación estatal precitada, a normativa vixente que desenvolve o réxime xurídico destes montes en Galicia resulta das seguintes disposicións que, por claridade expositiva, poden estruturarse do seguinte modo:

- Lexislación específica de carácter xeral:
 - Lei 13/1989, do 10 de outubro, de MVMC de Galicia (“LMVMCG”). Esta Lei, pioneira no ámbito autonómico, foi obxecto de modificacións a través das seguintes disposicións:
 - o Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas de Galicia 2021 (engade a disposición adicional 7).
 - o Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas de Galicia 2018 (que modifica o artigo 5).
 - o Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas de Galicia 2018 (engade o artigo 22.5 e modifica os artigos 25, 27, 28, 29 e 30 e a disposición adicional 2).

- o Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (derroga o apartado 2 do artigo 21 e o artigo 23 e modifica o artigo 25).
- Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989.
- Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos MVMC en actuacións de mellora e protección forestal.
- Lexislación específica de natureza civil: Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia (“LDCG”).
- Lexislación sectorial:
 - Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (“LMG”).
 - Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (“LRTAG”).

4 Revisión dalgúns aspectos relevantes da regulación de MVMC en Galicia no intre da súa reforma

Na caracterización xurídica dos MVMC é xusto recoñecer, con carácter preliminar, o labor dos xulgados e tribunais que foron quen de canalizar un proceso de fixación xurisprudencial do dereito consuetudinario no que se desenvolvía a vida xurídica dos MVMC en Galicia. Este labor –que se cualifica nalgunhas sentenzas como de “*decantación xurisprudencial*”- permite identificar os elementos esenciais e distintivos dos MVMC que figuran recollidos posteriormente na súa regulación positiva.

E neste labor non só se recolleron eses elementos esenciais, senón tamén se destacou a existencia dunha vertente supraxurídica, poñendo de manifesto que en Galicia o monte se sente como un elemento inherente á galeguidade.

Dunha interpretación sistemática do bloque normativo regulador dos MVMC poden extraerse os elementos nucleares definitorios dos MVMC que cómpre revisar, ben para favorecer a súa consolidación, ben para asentar as bases da súa reforma.

4.1 Conceptuación do MVMC

Teñen esa consideración aqueles montes que, con independencia da súa orixe e as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e sexan aproveitados consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

A doutrina xudicial derivada das resolucións ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia considerou os MVMC como unha institución de dereito privado cuxos factores determinantes para efectos da súa cualificación son a posesión inmemorial e o aproveitamento consuetudinario e o gozo proindiviso do monte por un grupo de veciños nun ámbito de convivencia colectiva.

O título de dominio vén constituído pola constatación do estado posesorio inmemorial e continuado do monte de forma consuetudinaria e sen asignación de cotas por un grupo de veciños, como colectividade.

A posesión inmemorial –entendida en diversas resolucións xudiciais como aquela que é tan antiga que non existe recordo do seu comezo- constitúe un elemento substancial da institución, considerándose igualmente que os montes veciñais en man común o son con independencia do seu aproveitamento actual e vocación agraria, sempre que tivesen aproveitamento consuetudinario en réxime de propiedade xermánica polos veciños, debendo este feito acreditarse pericialmente e con documentación histórica. O relevante é, pois, a existencia dun aproveitamento consuetudinario nun réxime de propiedade xermánica.

A propiedade dos MVMC é de natureza privada e colectiva, correspondendo a súa titularidade dominical e aproveitamento, sen asignación de cotas, á comunidade

veciñal respectiva, composta pola veciñanza que a integre en cada momento. Debe existir unha directa vinculación entre a titularidade dominical e a base territorial de asentamento, sendo determinante a pertenza a un grupo social e a súa inseparabilidade dun lugar determinado e delimitado que non cabe identificar exclusivamente coas parroquias, as cales, como se recolle en diversas resolucións xudiciais, constituían o núcleo ancestral primario de convivencia na Galicia rural.

Esta integración no colectivo social resáltase en numerosas resolucións xudiciais nas que se alude á unión esencial e vital entre o monte e os veciños que o aproveitan formando un consorcio natural e social.

O carácter de propiedade colectiva implica que cada comuneiro ten o dereito de propiedade completo pero limitado porque os demais teñen igual dereito total sobre a cousa e por tanto sempre será necesario un comportamento colectivo ou conxunto para calquera acto de disposición e/ou de xestión. Os veciños non posúen só en interese propio senón para o grupo social.

Así mesmo, convén precisar que a comunidade, como forma de copropiedade, carece de personalidade xurídica, aínda que os comuneiros, a través dos seus representantes e en beneficio da comunidade, poden realizar actos xurídicos eficaces podendo xestionar os seus lexítimos intereses.

A intanxibilidade dos MVMC é outro dos seus elementos característicos. Recoñeceuse a estes montes os caracteres de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, que determinan a súa consideración de *res extra commercium*, chegando a prevalecer sobre aqueles títulos que tivesen acceso ao Rexistro da Propiedade. Ademais, declaráronse os MVMC non suxeitos a contribución algunha de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social.

Sen prexuízo do anterior, a inalienabilidade dos MVMC non é absoluta, de xeito que este especial réxime non impide a posibilidade de realizar permutas, cesións temporais, arrendamentos ou dereitos de superficie. Así mesmo, permítense que os MVMC sexan obxecto de expropiación forzosa ou de imposición de servidumes por causa de utilidade pública ou interese social prevalentes aos do propio monte.

Os aspectos sinalados anteriormente, xa recollidos na súa meirande parte na regulación positiva, deberían conformar o contido dun apartado inicial de disposicións xerais que necesariamente ten que figurar nunha Lei.

Compre incorporar á lexislación de MVMC unha regulación sobre a natureza do solo conforme aos novos usos e actividades que se desenvolven no monte veciñal. Deberían ter características de SRPF aquelas superficies incluídas nun IOXF, debendo adecuarse a clasificación do resto da superficie ao uso que teña, e ser tutelada a dita superficie pola administración sectorial competente, ata o remate do acto de disposición que habilite para o seu desenvolvemento.

4.2 A condición de persoa comuneira

Da lectura conxunta dos artigos 3 da LMVMCG e 56 da LDCG infírese que a propiedade dos MVMC se atopa recoñecida para o conxunto de veciños titulares de unidades económicas, con casa aberta e residencia habitual nas entidades de poboación ás que tradicionalmente estivese adscrito o seu aproveitamento e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da comunidade, algunha actividade relacionada con aqueles.

Esa referencia á casa aberta entronca coa orixe da institución, que parte da casa galega ou lugar acasado, entendida, segundo se expón en diversas resolucións xudiciais, como unidade xurídica fixada nun espazo físico determinado, a cal, conxuntamente con outras, forma un asentamento, existindo unha interrelación inseparable entre grupo social e territorio con límites precisos e coñecidos.

Actualmente é requisito *sine qua non* a residencia habitual na área xeográfica na que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte, aínda que segundo a lei 2/2006, de dereito civil de Galicia, podería eximirse o seu cumprimento por causas xustificadas e por un período máximo de dous meses en cada ano natural. Neste punto, unha cuestión a valorar é a de determinar si se precisa unha aclaración legal das posibles causas xustificativas para eximir temporalmente a residencia habitual e, no seu caso, a duración dese período, tendo en conta parámetros de despoboamento, co fin de flexibilizar a figura de comuneiro para aquelas persoas que naceron no seo da comunidade veciñal, manteñen a casa e seguen a ter relación social coa comunidade veciñal. Incluso se plantexa a posibilidade de recoñecer en determinadas condicións unha figura de comuneiro con voz pero sen voto. Plantéxase a oportunidade dun desenvolvemento lexislativo desta figura, sempre como figura optativa, para aquelas comunidades que cumprindo determinados requisitos que habería que determinar na nova lei (numero de comuneiros, idade media, outros..), quixeran incorporala aos seus estatutos. Esta flexibilización da figura de comuneiro podería contribuír a evitar o abandono e/ou extinción dalgunhas comunidades veciñais.

A xurisprudencia en materia de MVMC, predicou desde os seus inicios a *“inseparable unidade existente entre as calidades de copropietario do monte e a de veciño”*, de forma que a ausencia desta *“interrelación inseparable”* determinante do asentamento do grupo social no territorio chegaría a supoñer a falta de lexitimación para reclamar a clasificación do MVMC.

Convén precisar que, malia considerarse frecuente que a base territorial deste grupo social se identifique coas parroquias, sen superar os límites municipais, constitúe doutrina asentada que este grupo social pode non resultar coincidente coas parroquias, podendo estar conformado por agrupacións distintas, como aldeas, lugares, iglesarios, etc.

Iso é debido á *“desconexión”* da titularidade do MVMC das entidades administrativas, sendo determinante a pertenza a un grupo social en canto tal, sen

que caiba identificalo, aínda que sexa posible, coa entidade administrativa en que se integre.

Así mesmo, resulta esixible para adquirir a condición de comuneiro o exercicio dalgunha actividade relacionada co aproveitamento do monte, condición que foi interpretada no sentido de rexeitar a esixencia dunha “*profesionalidade*” no desenvolvemento destas actividades, ao non atopar amparo normativo e en coherencia coa posibilidade de ceder os MVMC a terceiros e para fins diversos. Tampouco se require que se realice efectivamente unha actividade no monte, senón que esta simplemente ha de estar relacionada con el, por accesoria ou complementaria que sexa. A estes efectos, resulta imprescindible que conste fidedignamente o destino propio do monte, pois a actividade esixible depende do seu aproveitamento, sen que necesariamente deba ser agrícola, forestal, gandeira, etc.

Sen prexuízo do anterior, ha de terse en conta que se recoñeceu certa liberdade ás comunidades para esixir requisitos complementarios, conforme os usos e costumes, sempre e cando respecten os requisitos legais. Polo que as discrepancias sobre o recoñecemento da condición de comuneiro deben dirimirse na xusticia ordinaria.

A comunidade veciñal entenderase composta polos veciños que a integren en cada momento, aínda que estatutariamente podería establecerse un prazo mínimo de residencia para adquirir a condición de comuneiro, sen que poida ser superior a un ano. Ten, por tanto, unha estrutura de carácter aberto, ao permitir permanentemente a admisión de novos membros. Segundo o artigo 62 da lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, a acción para reclamar o recoñecemento da condición de comuneiro prescribe aos trinta anos.

Pola súa banda, a perda da condición de comuneiro producirase desde o momento en que deixen de cumprirse os requisitos esixidos para a integración na comunidade veciñal e deberá acordarse pola asemblea xeral da comunidade, previa inclusión na orde do día e con audiencia da persoa afectada.

A xurisprudencia interpretou restritivamente as causas de perda da condición de comuneiro. Así, non só se rexeitou a potestade sancionadora das comunidades de MVMC, senón que se aclarou que a perda da condición de comuneiro unicamente pode atender ás circunstancias previstas na normativa aplicable, sen que os estatutos poidan complementalas ou estendelas a distintos supostos (por exemplo, por non cumprir un requisito adicional recollido nos estatutos).

O mantemento da condición de veciñanza no seo da comunidade titular da propiedade colectiva do monte e o desenvolvemento no mesmo dalgún aproveitamento análogo ao dos demais comuneiros que integran a comunidade existente constitúen, pois, elementos esenciais básicos da regulación dos MVMC que deberían pervivir.

Cada unidade ou grupo familiar que conforman un núcleo de convivencia debería poder elixir a un membro como representante ante a comunidade veciñal. Tamén

é oportuno precisar que a participación no aproveitamento non debe quedar restrinxido a un uso necesariamente agrícola, forestal, pecuario ou gandeiro, admitíndose a posibilidade –xa recoñecida en sede xudicial- non só dun aproveitamento directo senón tamén indirecto mediante a cesión a terceiros a través de negocios xurídicos válidos.

Igualmente, estes criterios de vinculación –asentamento no lugar e integración no colectivo social que ten recoñecida a titularidade do monte desenvolvendo un aproveitamento como o dos demais comuneiros- durante o prazo mínimo de residencia que fixen os estatutos das comunidades deben seguir contemplándose na normativa reguladora dos MVMC. Do mesmo xeito tamén deben contemplarse as posibles excepcións a aquelas esixencias, así como o reforzamento das posibilidades de perda da condición de comuneiro, observándose, sempre e en todo caso, unhas garantías mínimas para a persoa afectada no procedemento de perda da devandita condición. Todo iso coa finalidade de manter actualizada a existencia dunha convivencia veciñal esencialmente relacionada co monte que lles pertence.

4.3 Realización de actos de disposición

4.3.1 Reflexión preliminar

A inalienabilidade dos MVMC non impide que sobre eles se poidan realizar determinados actos de disposición. Tanto de carácter voluntario, como forzoso, podendo ser obxecto de cesións e arrendamentos, expropiación forzosa, servidume, dereitos de superficie, permutas ou concentración parcelaria.

Respecto dos actos de disposición de carácter voluntario, cabe reflexionar con carácter preliminar sobre a existencia e o posible alcance da intervención administrativa. Trátase de valorar a procedencia de deixar unha marxe de plena liberdade para a realización de actos de disposición voluntarios sen máis limitacións que as propias da regulación do negocio xurídico de que se trate ou establecer unha intervención administrativa –canalizada a través dun procedemento administrativo- sobre a válida realización do negocio xurídico.

Faise necesario definir a intervención da administración na tramitación dos actos de disposición e cando estes adquiren firmeza para o que, cando menos, deberían estar inscritos no rexistro de MVMC e formalizados en escritura pública. Nesta liña é necesario analizar a situación dos actos de disposición realizados segundo o marco vixente con anterioridade á clasificación como monte veciñais mán común. Dun xeito especial a aqueles adicados a un uso público ou de interese xeral, que deberán manter a súa firmeza sen revisións contractuais en tanto manteñan o seu uso e actividade. Nestes casos, os custos de calquera mantemento das instalacións ou os derivados do cumprimento da lexislación de prevención de incendios correspondería á administración local competente ou a administración sectorial competente segundo a actividade desenvolvida sen que puidesen repercutirse á comunidade.

Se plantexa igualmente a necesidade de definir uns límites aos actos de disposición, tanto sobre a porcentaxe da superficie clasificada a incluír como sobre o prazo máximo dos actos, de xeito que se garanta persistencia da natureza xurídica do MVMC como propiedade privada e colectiva de aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños.

O resultado deste debate establecerá as premisas das que partir nunha futura regulación.

4.3.2 Toma de acordos de disposición

A LMVMCG reconece á comunidade de veciños plena capacidade xurídica para a administración e disposición do monte e os seus aproveitamentos. En particular, os actos de disposición corresponden á asemblea xeral da comunidade e require convocatoria expresa e voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% en segunda convocatoria.

Os acordos relativos aos actos de disposición corresponden á asemblea xeral, deben formalizarse en escritura pública e deberán remitirse á sección territorial do Rexistro de MVMC correspondente, xunto coa documentación que se detalla no artigo 58 do Regulamento da LMVMC.

Conservar en liñas xerais estas esixencias na regulación legal supón establecer unhas garantías de participación, transparencia e motivación da realización do negocio xurídico que deberían manterse na regulación aplicable.

Tamén conviría aclarar a diferenza entre actos de mera administración e de disposición que, en ocasións, resulta difícil de deslindar. Como criterio delimitador propónse positivizar na norma o xa indicado polos tribunais considerando que os actos de administración caracterízanse por pretender sinxelamente a conservación do ben, sen comprometer o aproveitamento do mesmo. En caso contrario, tratarase dun acto de disposición que implica unha certa perda de substancia patrimonial do ben para a comunidade cedente.

4.3.3 Cesión e arrendamento

Os MVMC poden ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños.

A cesión poderá establecerse por un prazo máximo de trinta anos se é en favor de particulares. Con todo, poderá realizarse por tempo indefinido en beneficio de administracións públicas, sempre que a cesión teña por obxecto destinar o monte a equipamentos a favor da propia comunidade e entrementes se manteña o fin para o que se fixo a cesión.

Procedería seguir mantendo no futuro as previsións existentes na actual regulación.

No que se refire ao arrendamento, os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto no capítulo I do título VII da LDCG, coas seguintes especialidades:

- O período contractual non poderá ser superior a once anos, salvo nos arrendamentos realizados a través do Banco de Terras de Galicia. Nestes arrendamentos a través do Banco de Terras de Galicia, o período máximo contractual será de cincuenta anos ou, en caso de especies forestais que se rexan por modelos silvícolas en que estea establecida a idade de curta, o tempo correspondente á primeira quenda de curta.
- As melloras e instalacións que puidesen derivarse do arrendamento quedarán de propiedade da comunidade veciñal ao rematar o prazo pactado, sen compensación algunha para o arrendatario.

Así mesmo, a comunidade veciñal e o arrendatario poderán acordar a prórroga do arrendamento antes de expirar o prazo para o que foi establecido, sen superar o límite establecido.

Procedería seguir mantendo no futuro as previsións existentes na actual regulación.

4.3.4 Dereito de superficie

A comunidade de veciños poderá establecer dereitos de superficie con destino a instalacións ou edificacións ata o prazo máximo de trinta anos, ou a cultivos agrícolas de dez anos, pasando a ela, sen indemnización algunha, ao caducar o dereito, a propiedade de todo o instalado, edificado ou plantado.

En caso de aproveitamentos forestais de arborado, a comunidade non poderá concertar prazos superiores aos correspondentes a unha única quenda da especie plantada, nin para outra clase de aproveitamentos que o da curta do arborado plantado.

A constitución deste dereito formalizarase en escritura pública, que haberá de inscribirse no Rexistro da Propiedade, será transmisible e susceptible de gravame, e rexerase polo título constitutivo do dereito, pola lexislación en materia de MVMC e, subsidiariamente, polas normas do Dereito Privado.

Se o dereito de superficie afectase só a unha parte do monte veciñal, haberá de practicarse a correspondente delimitación para os efectos de inscrición daquel dereito.

Procedería seguir mantendo no futuro as previsións existentes na actual regulación.

4.3.5 Expropiación forzosa

Como toda propiedade privada, os MVMC poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ao do propio monte. Para iso, será necesaria a declaración expresa da Xunta de Galicia, previo informe da Consellería competente e oídas as comunidades afectadas.

É necesario, por tanto, un xuízo de contraste sobre os elementos de utilidade pública ou interese social que han de sobrepoñerse aos propios dos MVMC, que non se identifica co ulterior título concesional obtido tras a expropiación.

O importe das cantidades abonadas pola expropiación haberá de destinarse á mellora do monte, ao establecemento de obras ou servizos de interese xeral da comunidade de veciños propietarios, ou na súa imposibilidade, repartilo entre os comuneiros, consonte o que estea previsto nos estatutos ou co que decida a comunidade.

Se, como consecuencia da expropiación, queda todo o monte fóra da titularidade dominical da comunidade, esta subsistirá para o exercicio dos dereitos a que haxa lugar e como titular do eventual dereito de reversión.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia detectou un baleiro legal no artigo 6 da LMVMCG ao non prever aqueles casos nos que a expropiación implica a desaparición dun grupo de casas. O Tribunal resolveu repartir o obtido pola expropiación parcial do monte, intereses incluídos, a partes iguais entre todos os comuneiros que formaban parte da comunidade veciñal á data da expropiación, incluíndo a quen legalmente exercesen dereitos como sucesores dos que foron obxecto de expropiación. Neste caso, declarouse a improcedencia de aplicar os artigos relativos á repartición de beneficios.

Nunha futura regulación habería que cubrir ese baleiro legal, podendo tomarse como referencia a solución dada en sede xudicial ao caso no asunto apuntado anteriormente.

4.3.6 Ocupacións e servidumes

Poderán establecerse ocupacións e servidumes, por causa de utilidade pública ou interese social prevalentes aos dos propios montes veciñais, sen que resulte posible gravar un MVMC con servidume a través de prescrición, segundo se sinala en sentenza xudicial.

Para iso, deberá tramitarse o oportuno expediente, no que se acredite a compatibilidade da ocupación ou servidume coa utilidade pública que cualifica ao monte, a cuxo efecto a xefatura territorial correspondente redactará unha memoria na que se consignarán: (i) a extensión puramente indispensable suxeita a ocupación ou servidume, (ii) a imposibilidade da súa ocupación fora do monte, (iii) os danos e perdas que han de producirse e a súa valoración; e (iv) as condicións en que han de outorgarse.

No caso de ocupacións dos montes, deberá contarse co consentimento da comunidade veciñal e, se se presentase oposición pola súa banda, deberá darse por concluído o expediente (salvo nos supostos de expropiación forzosa). Neste sentido cabe recordar que a ocupación de terreos forestais en MVMC sen autorización do titular se atopa prevista expresamente como infracción no artigo 128. g) da LMG.

O importe das cantidades abonadas haberá de destinarse á mellora do monte, ao establecemento de obras ou servizos de interese xeral da comunidade de veciños propietarios, ou na súa imposibilidade, repartilo entre os comuneiros, consonte o que estea previsto nos estatutos ou co que decida a comunidade.

Polo que respecta ás ocupacións ou servidumes concedidas polas Administracións antes da declaración do monte como MVMC, a Disposición Adicional do actual Regulamento de MVMCG establece que subsistirán nos termos de concesión, entrando a percibir a comunidade titular o canon ou indemnización que se devindicará no momento da clasificación, podendo a comunidade esixir a actualización da devandita cantidade. Todo iso sen prexuízo de que a comunidade veciñal exercite as accións de impugnación que se deriven da lexislación reguladora de tales concesións, así como a caducidade das mesmas por incumprimento do condicionado establecido.

4.3.7 Permuta

O carácter inalienable dos MVMC non debe impedir a posibilidade de permutar terreos integrantes dos montes veciñais por outros terreos limítrofes pertencentes a outras comunidades ou a outros particulares, supeditando, non obstante, a permuta a que se poidan derivar beneficios para o propio monte, como poden ser a regularización do seu contorno, facilitación de accesos ou obtención doutros recursos naturais.

Con todo, cabe analizar si debe existir unha intervención administrativa que fiscalice a posibilidade de que cando concorran razóns de utilidade ou interese social das comunidades de veciños, poidan permutar terreos integrantes dos MVMC por outros terreos limítrofes ou colindantes de valor similar.

A permuta de terreos que formen parte dun MVMC presenta utilidade para resolver a problemática que se deriva da existencia de encravados situados no interior dos MVMC, así como para favorecer un aproveitamento máis operativo ou racional a través dunha extensión óptima da superficie do monte, debendo fomentarse a súa operatividade.

4.3.8 Reestruturación parcelaria

Os MVMC poderán ser obxecto de reestruturación parcelaria de conformidade coa normativa sectorial e no caso de parcelas que non superen a unidade mínima de cultivo en monte establecida pola Administración autonómica. En calquera caso, a inclusión no proxecto de concentración parcelaria deberá

respectar, ao termo do expediente, a superficie total inicial e a capacidade produtiva do monte.

A LMG prevé que as parcelas resultantes das operacións de concentración parcelaria que se adxudiquen a comunidades de montes veciñais en man común e que antes non fosen monte veciñal en man común pasarán a selo, debendo comunicarse ao xurado provincial a reorganización da propiedade, que deberá integrar a superficie concentrada de monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e extensión do devandito monte, e comunicarao ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, a fin de practicar os asentos de inscrición oportunos (artigo 70.6).

Procedería seguir mantendo no futuro as previsións existentes na actual regulación.

4.4 Adquisición de terreos por parte das comunidades de MVMC

No que se refire á adquisición de terreos, é oportuno manter que os bens das comunidades de MVMC han de estar dedicados a satisfacer as súas necesidades e xerar riqueza. O artigo 57 da LMG, regula a adquisición de terreos polas comunidades de MVMC, establecendo un dereito de adquisición preferente das superficies lindeiras e os seus situados.

Ademais, recoñécese a plena capacidade xurídica das comunidades de MVMC para a realización de actos e negocios xurídicos vinculados á adquisición de novos terreos que redunden en beneficio da comunidade veciñal.

Con todo, requírese que as adquisicións de terras por compra sexan motivadas pola comunidade veciñal no cumprimento dos seus fins, o interese xeral das persoas comuneiras, a defensa dos seus montes e accesos, o mellor aproveitamento dos recursos ou a mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, requirindo da autorización previa da Administración forestal, que haberá de resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. En caso de adquisición por doazón, non será precisa dita autorización.

Manter ou non esa intervención administrativa é unha cuestión a reflexionar, aínda que, de conservarse a mesma, e para os efectos de facilitar o seu exercicio, a adquisición de terreos polas comunidades deberá cingirse aos de natureza xurídica sobre a que é competente a administración forestal, e dicir, as adquisicións deberían ser sobre terreos susceptible de ser considerados monte ou terreo forestal conforme o artigo 2 da lei 7/2012 e a normativa básica estatal, en coherencia co requisito da súa clasificación como MVMC e do aproveitamento consuetudinario sen asignación de cotas por parte dos comuneiros.

A capacidade para adquisición polas comunidades de outro tipo de predios requeriría dun desenvolvemento legislativo específico sobre outras formas de propiedade veciñal en man común.

De manterse o outorgamento da autorización previo para a adquisición destes terreos debería establecerse un prazo de tres meses para resolver con silencio negativo.

Así mesmo, é oportuno manter que as terras adquiridas mediante compra terán a cualificación como montes veciñais en man común, non podendo ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos.

4.5 Aproveitamento individual por parte dos veciños comuneiros

Alén dos actos de disposición anteriores, permítese ás comunidades acordar para usos gandeiros ou agrícolas que parte do monte se poida aproveitar de forma individual mediante a distribución entre os veciños comuneiros de lotes, sortes ou parcelas cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuíto e por períodos non superiores aos once anos.

Procedería seguir mantendo no futuro as previsións existentes na actual regulación.

4.6 Fins aos que deben dedicarse os rendementos dos aproveitamentos

Garantir que o aproveitamento do monte redunde no seu propio beneficio ten que constituír un obxectivo respaldado pola regulación aplicable. A pervivencia do MVMC e a continuidade no seu aproveitamento polas futuras xeracións xustifica as limitacións sobre a aplicación dos rendementos derivados do aproveitamento do monte.

A regulación vixente establece entre o contido mínimo dos estatutos da comunidade de veciños deberán sinalar a “*porcentaxe de reserva en rendementos económicos para investimentos en melloras e protección do monte*”.

Pola súa banda, a LMG, no seu artigo 125, regula as cotas de reinvestimento en montes veciñais en man común, establecendo a obrigaón de reinvestir no propio monte unha porcentaxe dos ingresos que se xeran no mesmo. Este artigo foi desenvolvido mediante o Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

Ademais, a LMG prevé diversas infraccións en materia de reinvestimento en montes veciñais en man común (artigo 128.v).

Por outra banda, o artigo 12 do Regulamento da LMVMCG prevé que as cantidades percibidas polos negocios xurídicos en que se concreten os actos de disposición do monte deberán destinarse á mellora do monte ou ao establecemento de obras ou servizos de interese xeral da comunidade propietaria do monte.

Finalmente, respecto das comunidades veciñais que celebren contratos temporais de xestión pública, o artigo 123 da LMG establece que haberá de destinarse unha cantidade anual en concepto de servizos de xestión. Este importe, xunto co dos investimentos nas obras e servizos realizados con cargo aos contratos de xestión pública, compensarase con cargo aos ingresos obtidos polos aproveitamentos forestais, os derivados de actos de disposición voluntaria, os ingresos por expropiación ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria, previa aplicación da cota porcentual correspondente.

No caso de montes cun instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado pola administración forestal e con xestión avaliada por calquera dos sistemas de certificación forestal sostible recoñecidos internacionalmente, os reinvestimentos obrigados serán os previstos no correspondente plan especial mais os derivados do cumprimento doutras lexislacións sectoriais aplicables.

4.7 A Gobernanza dos MVMC

Unha das cuestións sempre complexas na regulación dos MVMC é a da súa gobernanza. Estructurar un modelo baseado no recoñecemento dun ámbito con alto de grao de autonomía interna das comunidades dentro do marco estatutario homoxéneo -entendendo esta homoxeneidade como o establecemento dun contido mínimo necesario dos estatutos que cada comunidade acorde cumprimentar segundo o seu propio criterio- debe constituír un eixo idóneo para facilitar o funcionamento cotián das comunidades.

Igualmente plantexase a necesidade de incrementar a presenza e o papel dos presidentes das comunidades de MVMC e das súas mancomunidades para a consolidación desta propiedade e mellora da súa integración nos órganos de participación e representación da propiedade forestal, baralláanse varias posibilidades:

- Creación dun Consello Galego Comunidades de Montes Veciñais en man común (recomendación nº 46 do ditame da Comisión Especial non permanente de estudo e análise das reformas da política foresta, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia)
- Modificación da composición do Consello Forestal de Galicia para a integración no consello dun maior número de representantes tanto de CMVMC como de mancomunidades. (*DECRETO 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica: EIXO VI. PLANIFICACIÓN, ORDENACIÓN E GOBERNANZA, medida VI.3. GOBERNANZA DO MONTE GALLEGO, acción VI.3.2. Modificación do Consello Forestal de Galicia e EIXO III.XESTIÓN FORESTAL E LOITA CONTRA O ABANDONO DO MONTE. III.2. INICIATIVAS DE ACTIVACIÓN DA XESTIÓN FORESTAL PRIVADA. Obxectivos do instrumento. Actuacións e programas. III.2.2. Programa de dinamización da xestión en montes veciñais en man común*)

- Creación dunha Mesa da propiedade forestal dependente do Consello Forestal con representación das CMVMC proporcional á superficie deste tipo de propiedade.(artigo 101 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia)
- Revisión da regulación da representación das CMVMC nos xurados provinciais.

4.7.1 Órganos das comunidades de MVMC

As comunidades de MVMC exercerán a administración e disposición dos montes con respecto á normativa en materia e conforme aos seus estatutos. A estes efectos, terán plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, incluído o exercicio, en vía administrativa e xudicial, de cantas accións sexan precisas para a defensa dos seus intereses.

Para iso, as comunidades estrutúranse en dous órganos diferenciados: a asemblea xeral e a xunta reitora.

A asemblea xeral constitúe o órgano supremo de expresión da vontade da comunidade veciñal e está formada por todos os comeneiros. É razoable manter que deberá convocarse con carácter ordinario unha vez ao ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio económico e, con carácter extraordinario, poderá convocarse por iniciativa da xunta reitora ou a petición dun mínimo do 20% dos comeneiros. Ademais, a convocatoria deberá realizarse cun mínimo de dez días de antelación, mediante notificación escrita a todos os comeneiros e coa orde do día dos asuntos para tratar, e estará exposta durante o mesmo prazo nos taboleiros de anuncios do Concello, así como nos lugares de costume da entidade onde radique a comunidade. Son normas mínimas de organización que achegan seguridade xurídica na organización interna das comunidades. Parece oportuno modificar o prazo entre convocatorias reducíndoo a media hora e revisar o rexíme de maiorías para garantir o funcionamento das asembleas, especialmente naquelas comunidades cun gran número de comeneiros.

Pola súa banda, a xunta reitora é o órgano de goberno, xestión e representación da comunidade, desígnase pola asemblea xeral por un prazo máximo de catro anos e componse dun presidente, que exerce a representación legal da comunidade, e os vogais que establezan os estatutos, sendo como mínimo dous.

Sen prexuízo do anterior, debe terse en conta que a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas de Galicia, introduciu unha Disposición Adicional Sétima na LMVMC referida aos prazos para a realización das asembleas xerais e a prórroga do mandato das xuntas reitoras con motivo da emerxencia sanitaria causada pola pandemia de COVID-19. É unha norma necesaria no contexto das circunstancias excepcionais provocadas pola pandemia polo que a súa continuidade está condicionada pola esperada superación das devanditas circunstancias. En todo caso, parece oportuno posibilitar a aplicación de sistemas de convocatoria e

celebración telemática das sesións dos órganos das comunidades de MVMC, facilitando deste xeito a súa realización sen necesidade dunha presenza *in situ*.

4.7.2 Estatutos

Os estatutos constitúen a norma reguladora de funcionamento da comunidade de MVMC e deberá recoller os usos e costumes polos que esta viña rexéndose e, como mínimo, os seguintes extremos:

- A atribución da condición de comuneiro.
- A representación por casa e a delegación entre comuneiros.
- As condicións de admisión de novos comuneiros.
- A maneira de exercitar os dereitos derivados da condición de comuneiros.
- Obrigas dos comuneiros en canto á custodia, defensa e conservación do monte.
- Os órganos aos que se encomenda o goberno e administración, modo de nomealos, substituílos e funcións que lles corresponden.
- Porcentaxe de reserva en rendementos económicos para investimentos en melloras e protección do monte.
- Criterios aos que se han de adecuar os diversos aproveitamentos do monte.

Este contido estatutario mínimo facilita unha uniformidade na identificación dos aspectos que precisan unha autorregulación polas comunidades que, en todo caso, manteñen a súa autonomía para a concreción da súa regulación.

A aprobación, reforma ou revogación dos estatutos corresponde á asemblea xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% en segunda.

Os estatutos e as súas modificacións empezarán a producir efecto ao día seguinte da notificación para a súa inscrición no Rexistro de MVMC.

Sen prexuízo de que a representación legal da comunidade veciñal corresponda a quen exerza a súa presidencia, calquera comuneiro poderá defender os intereses da comunidade, debendo serlle reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa, sempre que prosperen as súas pretensións ou sexa aprobado pola asemblea xeral.

As liñas básicas da regulación existente poderían manterse nunha futura regulación.

4.7.3 Xestión documental

Cada comunidade levará un libro rexistro cos nomes de todos os veciños comuneiros, domicilio e data de inscrición; un libro de actas que reflecta os acordos tomados nas sesións que se celebren, facendo constar a suficiencia do quórum de asistencia esixido legal ou estatutariamente e as maiorías polas que se adopten os acordos; e libros de contas para asentar as mesmas.

Esixencias formais que, sen prexuízo de facilitar a súa realización, deberían permanecer na normativa aplicable. Parece axeitado posibilitar ademais o emprego de novas tecnoloxías para a levanza telemática dos libros sempre que quede garantido o acceso a eles de todos os comuneiros e a súa conservación.

4.7.4. Delegación de voto das persoas comuneiras

Dereito de representación. A actual lexislación só contempla a posibilidade de delegar a representación dunha casa comuneira, noutra persoa que sexa parte do censo do comunal. Plantexase que se estude a posibilidade de que este dereito de representación poda realizarse a través dos fillos ou fillas das persoas que constan como comuneiros, aínda que non residan nalgún pobo do Comunal, pero baixo a lóxica do seu arraigo ao comunal, na medida en que naceron e viviron gran parte da súa vida nese pobo.

4.7.5 Mancomunidades e agrupacións de xestión conxunta

Desde os seus inicios, a LMVMCG estableceu a posibilidade de que as comunidades de veciños, previo acordo da asemblea xeral, puidesen mancomunarse para a mellor defensa dos seus intereses e consecución dos seus obxectivos. Esta mancomunidad deberá ser comunicada ao Rexistro de MVMC, dándoselle traslado do contrato de comunidade de bens, dos estatutos da asociación que se cre ou da fórmula xurídica empregada.

É preciso regular as condicións desa integración: necesidade de que asemblea confirme a dita integración cunha periodicidade mínima de catro anos, fins e obxectivos que poden ser obxecto de xestión mancomunada, necesidade ou non de colindancia entre CMVMC que se mancomunen, representación que as CMVMC poderán delegar na mancomunidad, capacidade xurídica das mancomunidades...

No ámbito das agrupacións de xestión conxunta cobra interese a LRTAG, que incorpora as agrupacións forestais de xestión conxunta co obxectivo de xestionar de forma conxunta e sustentable os terreos forestais e a súa recuperación, impedindo o seu abandono, entre outros fins.

Igualmente, dita Lei establece particularidades para o caso de participación dun MVMC nun polígono agroforestal xa sexa público, xa privado, establecendo a necesidade de observar o disposto na lexislación de LMVMC. Tamén que, no desenvolvemento dun proceso de constitución dun polígono agroforestal, en caso de participación dun MVMC sempre terá dereito de veto sobre a

resolución definitiva do citado polígono, aínda que coas especialidades daqueles MVMC que estean xestionados preventivamente pola Administración ou mediante contratos de xestión pública.

Así mesmo, modifica o artigo 20 da LMG para posibilitar expresamente que as comunidades de MVMC poidan pertencer ás agrupacións de xestión conxunta, preferiblemente a aquelas que dispoñan de parcelas limítrofes co MVMC. En coherencia, recoñécese ás comunidades veciñais plena capacidade xurídica para realizar os actos ou negocios xurídicos necesarios para pertencer ás agrupacións de xestión conxunta.

Incidir e favorecer as posibilidades de realización de actuacións conxuntas por parte das comunidades de MVMC debe constituír un obxectivo para alcanzar. En moitos casos, é o medio máis idóneo para lograr un aproveitamento do monte veciñal; ademais, a interrelación favorece a aparición de sinerxías entre comunidades.

4.8 Instrumentos de ordenación e xestión dos MVMC

De conformidade coa lexislación vixente, os MVMC deberán contar cos seguintes instrumentos de ordenación ou xestión forestal:

- Se o MVMC ten unha superficie superior ás 25 ha en coto redondo, deberán contar cun proxecto de ordenación. O proxecto de ordenación constitúe un instrumento de ordenación forestal que sintetiza a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou grupo de montes, para o que debe incluír unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura a aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte.
- Se o MVMC ten unha superficie inferior ou igual ás 25 hectáreas, poderán dotarse dun documento simple de xestión ou a través da súa adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos, segundo especies ou formacións forestais. O documento simple de xestión é un instrumento de xestión forestal que planifica as melloras e aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, garantindo unha xestión forestal sustentable da superficie dunha mesma propiedade, sen que ningún coto redondo supere as 25 hectáreas. Pola súa banda, os referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos estarán baseados na análise das especies existentes e nas súas quendas de talla cando ditas especies sexan arbóreas; e garantirán que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes.

Así mesmo, estableceuse que as cotas de reinvestimento dos MVMC haberán de destinarse primeiramente á redacción ou actualización do instrumento de ordenación ou xestión obrigatorio e condicionáronse os cambios de actividade dos MVMC á modificación e posterior aprobación do seu instrumento de ordenación ou xestión forestal.

A Disposición Transitoria Sexta da LMG establece os seguintes prazos para dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio:

- O 31 de decembro de 2020, para os montes cuxo coto redondo de maior tamaño sexa inferior ou igual a 15 hectáreas.
- O 31 de decembro de 2028, o resto de montes.

Tratándose de MVMC sen deslindar, o prazo determinarase utilizando a mellor información dispoñible no Rexistro de MVMC para avaliar o tamaño dos cotos redondos.

Transcorridos os prazos anteriores sen que os montes ou terreos forestais dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal, quedan prohibidos os aproveitamentos comerciais de madeira en canto non se doten do devandito instrumento. Exceptúanse desta prohibición os aproveitamentos de obrigada execución, os de madeira queimada e as tallas sanitarias.

Ademais, unha vez cumpridos estes prazos, quedarán prohibidos os aproveitamentos de pastos naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor ou se regule este aproveitamento mediante un plan de aproveitamento silvopastoril, que haberá de comunicarse á Administración forestal e inscribírse no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo ata que se dispoña dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor.

Esta regulación sobre a ordenación e xestión dos MVMC efectuada na lexislación de montes non debería ter unha singularidade tan acusada que faga preciso un cambio normativo, favorecéndose, deste xeito, a continuidade da vixencia da planificación xa efectuada. E tampouco se advirte que a xestión dos MVMC precise dunha regulación apartada dos contidos establecidos na lexislación xeral de montes.

4.9 Convenios de explotación

A LMG introduciu como novidade a figura dos contratos temporais de xestión pública que viñan substituír fórmulas consideradas obsoletas como os consorcios e convenios. Estes contratos sométese aos principios de publicidade, transparencia e concorrencia, así como de estabilidade, fundamental en ámbitos como o forestal, onde as actividades de explotación adoitan estenderse durante anos en ciclos prolongados.

Polo que respecta aos convenios ou consorcios anteriores, a Disposición Adicional Segunda da LMVMCG permite optar ás comunidades veciñais por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.

O desenvolvemento destes contratos de xestión pública ten que ser unha aposta de futuro nos MVMC aínda que a súa regulación expresa debe manterse na lexislación xeral de montes por conter os elementos esenciais que caracterizan a estas figuras de xestión.

4.10 Deslinde

A delimitación da extensión e contornos dos MVMC na práctica é sempre unha cuestión problemática. As dificultades para a identificación de titulares, a indeterminación de límites, a insuficiencia documental acreditativa de dereitos fai xurdir numerosas controversias. E, neste punto, deber terse en conta a competencia da xurisdición civil para coñecer das cuestións relativas á propiedade; precisamente, a resolución de ditas cuestións actúa como un *pruis* condicionante de calquera actuación administrativa de deslinde.

Sen prexuízo do anterior, é razoable prever que o deslindamento entre MVMC respecto de montes particulares se realice atendendo a lexislación xeral de montes e se procure unha coordinación co catastro comunicándolle información resultante das parcelas deslindadas para que tome razón da mesma. Igualmente deberase prever un amolloamento como actividade material sobre o terreo da aplicación do deslindamento.

Débese reforzar o papel de arbitraje da administración nos deslindes entre MVMC, de xeito que a intervención da consellería competente en materia de montes deberá solicitarse previo compromiso da aceptación polas partes da arbitraje definitiva que esta realice, sen que poda ser obxecto de recurso agás na vía civil.

4.11 Miscelánea

4.11.1 Pervivencia dos Xurados provinciais de MVMC?

Os MVMC poden ser declarados como tales en virtude de sentenza firme pronunciada pola xurisdición ordinaria ou ser obxecto de clasificación polos xurados provinciais.

Respecto aos xurados provinciais, a LMVMCG e o seu Regulamento estableceron que exista un xurado provincial de clasificación de MVMC en cada unha das provincias galegas, coa seguinte composición: a persoa titular da delegación provincial da Consellería competente en materia de montes (Presidencia), un maxistrado da Audiencia Provincial designado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Vicepresidencia), unha persoa funcionaria do servizo técnico xurídico da delegación provincial da Consellería competente en materia de montes (Secretaría), así como as seguintes vogalías: un letrado da

Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, un avogado dos colexios da provincia, o xefe do servizo provincial de montes, un representante das comunidades propietarias de montes clasificados da provincia e dous representantes das comunidades propietarias en cada caso implicadas.

O procedemento de clasificación realizado polo xurado provincial correspondente rematará cunha resolución que conteña os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade de conformidade co disposto na Lei Hipotecaria e o seu Regulamento, e virá acompañada de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. Esta resolución, como acto administrativo, será susceptible de recurso de reposición ante o propio xurado e ante a xurisdición contencioso-administrativa.

É obrigado indicar que a doutrina insiste en que o xurado unicamente constatar unha situación de feito, polo que a resolución do procedemento de clasificación ten unha eficacia declarativa e non constitutiva.

Á hora de impugnar a resolución do xurado provincial, poderán opoñerse unicamente aspectos orgánicos ou procedimentais, así como aspectos relativos ao cumprimento dos requisitos para que un MVMC poida considerarse como tal (a existencia ou non dun aproveitamento consuetudinario do monte real e efectivo por un determinado grupo social e na forma legalmente prevista), pero en ningún caso poderá traerse a colación a confrontación de títulos ou inscricións rexistradas. Constitúen estes aspectos que poderá coñecer, no seu caso, a xurisdición civil, pero non a xurisdición contencioso-administrativa no marco da impugnación da resolución do procedemento de clasificación.

Unha vez firme a resolución, terá os seguintes efectos:

- Atribuír a propiedade á Comunidade veciñal correspondente, entrementes non exista sentenza firme en contra, pronunciada pola xurisdición ordinaria.
- Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade e para excluílo do Catálogo dos de utilidade pública ou do inventario de bens municipais se figurase neles, así como para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contraditorias que resulten afectadas.
- Estará exento dos Impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, sendo gratuítos a primeira inscrición do monte e as cancelacións que se produzan por este motivo, consonte o artigo 13 da Lei 55/1988.

O Tribunal Supremo e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia téñense pronunciado sinalando que *“consecuentemente, desde o punto de vista da delimitación competencial das indicadas ordes xurisdicionais, han de distinguirse, na actualidade, os procesos en que se impugna a clasificación de Montes Veciñais en Man Común por motivos referidos a aspectos orgánicos,*

procedimentais ou da potestade administrativa que se exercita, que corresponden á xurisdición contencioso-administrativa, daqueloutros nos que a cuestión versa, realmente, sobre a titularidade do monte a través da impugnación da atribución, que fai o Xurado a unha concreta comunidade en atención ao recoñecemento consuetudinario, que como se sinalou, están atribuídos á xurisdición civil”.

No momento actual cabe exporse a conveniencia ou non de que sigan existindo os xurados provinciais. Despois de varias décadas de funcionamento dos mesmos, é pertinente abrir un debate sobre a necesidade de que realicen funcións de clasificación recoñecendo a preexistencia de MVMC, máxime cando a resolución clasificatoria é meramente declarativa e non constitutiva. E é que na actualidade manter a previsión dunha clasificación administrativa dos MVMC pode non ser tan útil como no pasado deixando en exclusividade á xurisdición civil a apreciación da titularidade dun monte polos veciños coa caracterización de MVMC.

Despois de mais de corenta anos de actividade dos xurados provinciais, convendría establecer un prazo para cerrar a declaración de MVMC por vía administrativa deixando á vía civil calquera clasificación futura, Podería en todo caso, manterse un xurado a nivel autonómico con funcións concretas asociadas que resolvería sobre as propostas dos xurados provinciais de cara a unificar os criterios, por exemplo, á modificación das clasificacións existentes como sería o caso de adquisicións de terreos polas comunidades de MVMC, fixación de perímetro nesas supostos (de adquisición de terreos polas devanditas comunidades) ou de anotación da reorganización da propiedade resultante de operacións de concentración parcelaria.

4.11.2 Rexistro de MVMC

O Rexistro de MVMC depende da Consellería competente en materia de montes, é de carácter público e ten como finalidade manter unha relación actualizada dos MVMC, da súa situación estatutaria e dos seus actos de disposición, incluído a repartición de aproveitamentos individuais por parte dos comuneiros. Este Rexistro conta cunha sección en cada xefatura territorial.

No Rexistro figuran os datos esenciais do monte, nome, superficie, lindeiros e data de clasificación e, en particular, se ten xunta provisional ou xunta reitora e as datas das súas respectivas eleccións.

Así mesmo, ten que darse traslado ao Rexistro das resolucións relativas aos actos de disposición para que estes adquiran firmeza, xunto coa documentación correspondente, os estatutos e actos da Administración que afecten aos MVMC. Tamén deberá achegarse a documentación relativa ás decisións de mancomunarse e a forma en que estas se instrumentan.

As seccións provinciais do rexistro elaborarán un informe anual sobre aquelas comunidades que non teñan constituídos os seus órganos de goberno, nin aprobados estatutos. Iso poderá dar lugar ao comezo de expediente de grave

abandono, conforme ao procedemento establecido na lei, e poderán ser valorados como indicadores obxectivos para a determinación do estado de degradación ou grave abandono ou da inexistencia, extinción ou desaparición das CMVMC.

Un rexistro para a constancia administrativa da información esencial dos MVMC é un instrumento idóneo para facilitar o coñecemento público, tanto das persoas solicitadas como das administracións públicas, dos elementos substanciais máis relevantes dos montes. Contribúe, desde logo, a achegar transparencia e seguridade xurídica, sobre a situación xurídica dos MVMC. As modificacións relativas á lista de comuneiros e renovación da xunta rectora só terán firmeza no momento da súa comunicación ao rexistro de MVMC.

4.11.3 Usos cinexéticos en MVMC

A transferencia dos dereitos cinexéticos dos MVMC é admisible sempre que resulte compatible coa finalidade do monte e se cumpran os requisitos establecidos na normativa aplicable pois o seu aproveitamento e a realización de usos cinexéticos debe adecuarse á observancia de dita regulación. En particular:

- O proxecto de ordenación cinexética debe ser compatible co IOXF aprobado no MVMC.

- A cesión do dereito cinexético non concede dispoñibilidade dos terreos para a realización de actuacións polo TECOR (desbroces, plantacións de cereal, instalación de comedeiros, queimas controladas, etc), é necesario contar coa autorización da asemblea para calquera actuación que se execute na superficie clasificada. E sen a previa cesión formal dos terreos conforme a lo regulado na lei, non debe caber o cobro de axudas en superficie clasificada como MVMC por ningún que non sexa o titular do terreno.

Con todo, procede exporse a razoabilidade de conceptuar esta transmisión de dereitos como un acto de disposición, equiparándoa ao réxime dos demais actos desta natureza. En calquera caso, debe sinalarse que o acordo debe ser validamente adoptado pola comunidade de MVMC, pois en caso contrario será nulo. Pode contemplarse a posibilidade de formalizar cesións de dereitos cinexéticos a título onerosos, para o que se formalizarían contratos coas sociedades de caza que inclúan os montes veciñais nun TECOR.

Cabe engadir que os Tribunais tense pronunciado principalmente sobre solicitudes de segregación de TECOR nas que presenta especial relevancia a determinación de titularidades e superficies dos terreos, respecto a o que estableceu a doutrina de que a Administración deberá realizar as oportunas comprobacións.

Os elementos sobre os que pivotaría unha nova regulación sobre a cesión de dereitos cinexéticos serían os da necesidade dun acordo válido tomado polo órgano estatutariamente competente e a súa configuración como acto de

disposición suxeitándose ao disposto para este tipo de actos. Así mesmo, tamén debería contemplarse que calquera acordo de cesión de dereitos de aproveitamento cinexético conte cunha delimitación precisa da superficie dos terreos sobre os que afecta a cesión a fin de dotar de seguridade xurídica, claridade e transparencia a calquera acordo de cesión.

4.11.4 Inexistencia, extinción ou desaparición das CMVMC e abandono ou grave degradación dos MVMC

Esta é unha das cuestións nas que procede efectuar unha fonda reflexión. O obxectivo de evitar que os MVMC poidan chegar a converterse en superficies improdutivas ou ter un aproveitamento por baixo do seu potencial vese lastrado por circunstancias estruturais como o avellentamento progresivo de moitos veciños dos MVMC ou o despoboamento do rural de Galicia.

Anteriormente xa se subliñou especialmente a conexión que existe entre o grupo veciñal que fai do MVMC o seu hábitat natural e social. Se falla un elemento fundamental dese binomio como é o do grupo social a outra parte –o monte- inevitablemente sofre as súas consecuencias, manifestadas en forma de abandono, desatención, etc., incrementándose exponencialmente os riscos do lume e a perda dos seus valores naturais.

E aínda que son moitas as iniciativas para reverter ese proceso (como é o caso, nomeadamente, da recente Lei de recuperación da terra agraria de Galicia) é o certo que debería darse unha resposta aos casos de abandonados MVMC e de inexistencia, caducidade ou extinción das CMVMC.

Chegados a este punto, e aínda que se recolla unha xestión cauteladora do monte pola Administración autonómica, estableceuse na recente modificación da lei de montes veciñais, ante a inexistencia, extinción ou a desaparición da comunidade veciñal, que sexan os concellos situados na base territorial do monte os que asuman a súa titularidade e, polo tanto, a súa xestión. Iso posibilitaría unha certa continuidade do monte como un patrimonio forestal xestionado e cun aproveitamento para toda a veciñanza do modo máis aproximado ao que sería o da extinta titularidade veciñal.

Sería necesario regular en caso de extinción da comunidade nun lugar se a xestión do monte debería atribuírse á parroquia á que pertence o dito lugar se existise comunidade activa, e no caso de non existir esta ao concello. Podería estudarse a posibilidade de recoñecer o dereito de fusión de comunidades de ámbito territorial inferior á parroquia.

E ademais, sería necesario plantexar se esta xestión cauteladora debe ser por prazo indefinido ou se transcorrido un prazo máximo, a determinar, exercendo a xestión cauteladora sen que xurda unha nova comunidade sería oportuno declarar a extinción definitiva da comunidade e reverter o monte a súa titularidade pública similar á situación previa á clasificación como veciñal, mantendo a súa indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade.

4.11.5 Réxime sancionador

As infraccións cometidas nos MVMC sancionanse aplicando as mesmas medidas e procedementos que na normativa de montes e, no que sexa de aplicación, na normativa de conservación da natureza, como se especifica no artigo 62 do Regulamento de MVMC. En particular, o réxime sancionador será o establecido na LMG, que remite en parte á Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (de carácter estatal).

É conveniente incorporar un réxime sancionador específico na regulación dos MVMC extraíndo da lexislación xeral sancionadora de montes todos aqueles incumprimentos respecto ás obrigas e procedementos previstos na lei de MVMC que puidesen darse nos MVMC, e deixando como de aplicación subsidiaria a lexislación de montes. E no que se refire a outros aspectos máis internos ou organizativos das comunidades a autonomía privada que orienta a súa regulación fai que non deban preverse sancións administrativas pola realización de condutas cuxa fiscalización en sede de conflitos internos debería corresponder á xurisdición civil.

4.11.6.1. Residuos abandonados no monte

É unha demanda recorrente entre as CMVMC que se regule a súa responsabilidade pola presenza de residuos no MVMC. É frecuente que as CMVMC reciban denuncias e incluso sexan obxecto de expedientes sancionadores, pola presenza de lixo e escombros no seus terreos. Ás sancións teñen que sumar o custe da retirada deses materiais a pesares de en xeral non ser a CMVMC a responsable desa práctica de vertido ilegal de residuos.

4.11.7 Función social montes periurbanos, usos sociorecreativos e deportivos

Para facilitar o uso social do MVMC cómpre buscar fórmulas que eliminen ou reduzan a responsabilidade das CMVMC polo uso do monte veciñal por persoas alleas a veciñanza.

É importante regular o crecente uso social e recreativo dos MVMC por aquelas persoas que non ostentan a condición de veciño/a comuneiro/a, que terá que facerse sen danar ao monte e respectando a titularidade destas terras.

Iste crecente uso está a causar conflitos cos propietarios dos montes veciñais, existindo numerosos casos de camiños e pistas forestais identificados en catastro e inventarios municipais como de dominio público, cando sempre foron camiños ou pistas privados de servizo do monte.

Igualmente dáse o problema do deterioro dos camiños polas actividades deportivas cuxo custo deben asumir as comunidades.

As comunidades deben dispoñer da posibilidade de regular o uso socio-recreativo do seu monte. E, deste uso por persoas alleas á comunidade, non

poden derivarse responsabilidades civís ou penais para as comunidades de montes e os seus órganos de representación, polo que será necesario buscar fórmulas que poidan evitar eses riscos que están a vivir na actualidade as comunidades de montes en xeral, e os montes periurbanos en particular.

Terán que regularse fórmulas que compatibilicen a organización de eventos e prácticas deportivas e sociorecreativas coa necesaria autorización das comunidades de montes, facilitando as primeiras sen que se deriven responsabilidades civís e penais para as comunidades de montes. Prevendo entre outras, a posibilidade de cesións específicas para instalacións deportivas, de constitución de avais que garantan que os danos ás pistas non repercutirán nas CMVMC, ou de compensacións ás CMVMC polas funcións sociais e medioambientais das que é beneficiaria a sociedade no seu conxunto.

4.11.8 Personalidade xurídica ou capacidade xurídica das comunidades e Mancomunidades

As comunidades de montes veciñais en man común teñen plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e defensa dos seus dereitos, mais non están dotadas de personalidade xurídica.

Nos últimos anos ampliouse a capacidade xurídica de obrar das comunidades de montes veciñais (compra de terreos con limitacións) e convén recollelo na nova lei. Quizais hoxe pódase expor o recoñecemento da personalidade xurídica das comunidades a condición de que se poida preservar o concepto de propiedade xermánica dos montes veciñais. No caso de optar por darlle personalidade xurídica, debería ter unhas especificidades que eviten a confusión con Sociedades mercantís.

Igualmente, coa lei actual as mancomunidades de montes veciñais non teñen personalidade xurídica e non poden por exemplo crear sociedades para organizar poxas ou vendas colectivas de madeira ou outros produtos. As comunidades de montes non poden agruparse en cooperativas e crear fundacións, podería plantexarse dotar ás mancomunidades de personalidade xurídica para que poidan levar adiante outras actividades e negocios xurídicos non directamente vinculados co monte veciñal.

4.11.9 Aproveitamentos e usos do MVMC

Debe recollese na futura Lei de MVMC que todos os aproveitamentos e usos actuais e que se poidan dar no futuro, sempre que teñan como base territorial o monte e sexan compatibles coa súa condición de monte, serán considerados, a todos os efectos, aproveitamentos e usos dos montes veciñais.

O aproveitamento e o uso dos montes veciñais en man común correspóndelle a comunidade de montes. Realizaranse de acordo cos instrumentos de xestión, cos acordos asemblearios e coa normativa que os afecte.

4.11.10 Divulgación e formación destinada a la sociedad y a las comunidades

O incremento de esixencias na xestión, cun maior nivel de trámites e unha complexidade maior á hora de manter relacións coa Administración por vías telemáticas, obrigan ás comunidades a dispoñer de servizos técnicos e administrativos. Dados os beneficios que procuran as comunidades de montes veciñais ben xestionados á sociedade, é útil e xusto fomentar a formación ás comunidades e aos seus xestores, así como contemplar a posibilidade de facilitar a contratación de servizos de asesoramento mediante medidas de fomento.

De cara a conseguir un coñecemento de figura tan específica e singular de Galicia, como é o monte veciñal enmán común, así como da súa función e do funcionamento das comunidades de montes, en coherencia coas previsións do plan forestal de Galicia estableceráanse programas de divulgación orientados a concienciar ao conxunto da sociedade da importancia desta figura, coa posibilidade de incorporar este coñecemento aos currículos escolares.

4.11.11 Reunificación e simplificación de referencias catastrais e mellora da cartografía dos MVMC e adaptación da representación gráfica ás novas tecnoloxías

É común que a superficie dun MVMC conteña centos de referencias catastrais, e incluso que haxa referencias catastrais parcialmente clasificadas como MVMC sendo o resto da titularidade dun particular, isto ocasiona diversos problemas na xestión. Na nova lei debe procurarse a simplificación e/ou reunificación das referencias catastrais incluídas na superficie de cada MVMC.

Debe ase mesmo contemplarse a necesidade da mellora da representación cartográfica dos montes veciñais en man común. Os esbozos das chamadas “carpetas-ficha” anteriores a 1989 teñen carácter aproximado e orientador e non poden empregarse para formar a base cartográfica oficial dos montes veciñais en man común de Galicia; deberase regular a revisión dos esbozos das chamadas “carpetas-ficha”.

4.11.12 Fiscalidade

Plantexase de xeito xeral a necesidade de revisar e mellorar a fiscalidade dos montes veciñais enmán común dentro das competencias autonómicas e das estatais. Fiscalidade que deberá vincularse á actividade que desenvolva a CMVMC, en función da capacidade xurídica que se lles recoñeza na nova lei.

4.11.13 Compensación de servizos ecosistémicos

Os montes veciñais en man común ocupan aproximadamente un cuarto da superficie de Galicia e están xestionados pola veciñanza comuneira entendida como grupo social, non como ente administrativo. Aínda que sexan propiedade da veciñanza comuneira, son espazos abertos e as súas funcións ecosistémicas (sociais, ambientais e culturais), benefician a toda a sociedade.

Por iso deben recollerse na lei fórmulas de compensación por estes servizos ecosistémicos, como podería ser unha liña especial de axudas aos montes veciñais en man común para incentivar a aqueles montes que apostan pola conservación da natureza e a paisaxe e pola xestión sostible dos seus recursos na súa superficie, que garanta este esforzo sostible no tempo.

4.11.14 Outros temas das achegas:

- Perspectiva de xénero:

Na redacción da nova lei respectarase a perspectiva de xénero, para o que se terá en conta o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e o O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, e ao menos:

1. Incorporará recomendacións para a promoción da igualdade de xénero no uso e xestión dos montes veciñais
2. Incorporará previsións relativas ao cumprimento da composición equilibrada dos órganos de decisión
3. Integrará a perspectiva de xénero na actividade estatística, reforzando a importancia de recoller información de xénero e idade nas listaxes de persoas comuneiras e na información sobre as xuntas xestoras
4. Garantirá a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

* * *